



ANUNCIO

A Alcaldía, con data 04-02-2026, ditou a Resolución 136/2026 que a continuación se transcribe:

"RESOLUCION DA ALCALDIA

ASUNTO: NOMEAMENTO DE SERGIO TRILLO RAMA PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE PSICÓLOGO NO PROGRAMA DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DO CONCELLO DE VIMIANZO DE 2026.

EXPTE.TEDEC: 2026/E001/000004

EXPTE.RELACIONADO: 2023/E001/000008

ANTECEDENTES

Por Resolución de Alcaldía núm. 830/2023 de data 08/06/2023 aprobáronse as bases do proceso de selección, mediante concurso oposición, para a elaboración dunha bolsa de traballo para a cobertura de postos de psicólogo/a no Concello de Vimianzo, como funcionario/a interino/a.

Estas bases foron publicadas no Taboleiro da Sede Electrónica do Concello de Vimianzo o 08/06/2023 e o seu extracto saíu no BOP núm. 113 do 15/06/2023.

Por Resolución de Alcaldía número 1025/2023 do 13/07/2023 aprobouse a bolsa de traballo para a cobertura de postos de psicólogo/a no Concello de Vimianzo:

	EXP.	NOME	APELIDOS	DNI*	PUNTOS
1	2023/E002/000064	SERGIO	TRILLO RAMA	***2656**	95,00
2	2023/E002/000065	TERESA	LEMA PORTEIRO	***1658**	76,00
3	2023/E002/000067	ANA	MOSCONI CADILLO	***8109**	60,48

Consta a Providencia de Alcaldía con data do 30/01/2026 que xustifica e ordena o chamamento para cubrir unha praza de psicólogo no programa de Servizos Sociais Comunitarios 2026 e a táboa de custos laborais para 7 meses.

Consta o anuncio publicado no taboleiro da sede electrónica do Concello de Vimianzo con data do 02/02/2026.

Consta o informe favorable sobre a documentación presentada polo candidato para o nomeamento, asinado pola técnica de Desenvolvemento Local, con data do 03/02/2026.

Consta o informe de Intervención FASE D, con data do 03/02/2026, que analiza a temporalidade dos programas e sinala que a contratación se realizará exclusivamente ata o límite do crédito financiado pola subvención da Deputación da Coruña, quedando excluída calquera ampliación ou continuidade con cargo a fondos municipais fóra do importe subvencionado.



CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

A base novena regula a constitución da bolsa de traballo e a décima as propostas de nomeamento e presentación de documentos.

O artigo 10.1.c) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que son funcionarios interinos os nomeados para a execución de programas de carácter temporal, que non poderán ter unha duración superior a tres anos, ampliable ata doce meses máis polas leis de Función Pública que se diten en desenvolvemento dese Estatuto.

O artigo 25.2.E) da LBRL recolle as materias consideradas competencias propias do Municipio, entre as que figuran a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, relacionadas coas funcións do posto.

Tendo en conta o anterior, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar o nomeamento de Sergio Trillo Rama, con DNI [REDACTED], para ocupar o posto de psicólogo no Programa de Servizos Sociais Comunitarios Municipais no ano 2026, con data de inicio o 05/02/2026 e data de finalización o 04/09/2026. A duración do servizo pódese ampliar ata o 31/12/2026, de haber financiación, e atendendo ao informe de Intervención.

Segundo.- Ordenar a publicación do contido desta resolución no taboleiro da sede electrónica do Concello de Vimianzo.

Terceiro.- Dar conta do contido desta resolución aos Servizos Económicos para a alta na SS e demais trámites.

Cuarto.- Dar conta desta resolución na próxima sesión plenaria ordinaria.”

Vimianzo, 4 de febreiro de 2026

A Alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez